


- 1- Área recreativa Pontedapedra
- 2- Pazo de Portouteiro
- 3- Castro de Pastor
- 4- Igrexa de Pastor
- 5- Igrexa de Lardeiros
- 6- Carballeira de Vimieiro
- 7- Balneario de Fonte Santa
- 8- Muíño de Ponte do Seixo



Punto de Saida e chegada:
42°58'22.4"N 8°17'21.7"O
(Área recreativa Pontedapedra)
Distancia total: 18.77 Km.
Altura máxima 406 mts.
Altura mínima: 267 mts.
Desnivel máximo: 139 mts.
Pendente máx.: 8.86%
Pendente máx. baixada: -14.04%

Valoración Mide (Método de información de excursións)

Medio

1 | **2** | 3 | 4 | 5

Itinerario

1 | **2** | 3 | 4 | 5

Desprazamento

1 | **2** | 3 | 4 | 5

Esfuerzo

1 | 2 | **3** | 4 | 5

1. INTRODUCCIÓN

A “Ruta da Montaña” de O Concello de O Pino, discorre polas parroquias de Lardeiros e Pastor, poñendo en valor os elementos patrimoniais que as caracterizan e as fermosas paraxes naturais mais importantes destes dous lugares.

O principal obxectivo desta senda é dar a coñecer a riqueza patrimonial e natural das parroquias situadas máis ó norte do Concello de O Pino, que debido á súa gran distancia co núcleo de Pedrouzo, capital de O Pino, son as máis descoñecidas para visitantes e incluso para algúns veciños do propio municipio.

A Ruta da Montaña recibe o seu nome da zona pola que discorre, que, xeográficamente falando, é unha das zonas de maior altitude dentro do concello.

2. DESCRICIÓN DO TRAZADO

O sendeiro “Ruta da Montaña” discorre polas parroquias de Lardeiros e Pastor.



Rutas

Para describir as rutas, empregaremos criterios estándar de catalogación e deseño de rutas, para facilitar aos lectores do proxecto a interpretación da mesma e darlle un contido internacionalmente recoñecido.

Empregaranse os criterios terminolóxicos da Federación Española de Montaña e Escalada (FEDME), da Federación Galega de Montañismo e do Método de Información De Excursións (MIDE) para a determinación dos parámetros principais de clasificación da ruta.

O sistema MIDE é un sistema de comunicación entre excursionistas para valorar e expresar as esixencias técnicas e físicas dun percorrido. O seu obxectivo é unificar as apreciacións sobre a dificultade das sendas. A valoración faise de 1 a 5 puntos tendo en conta os seguintes criterios:

Severidade do medio natural


Exento de riscos.

Hai máis dun factor de risco na ruta.

Varios factores de risco.

Bastantes factores de risco.

Moitos factores de risco.



Para chegar a estes lugares, dende Santiago de Compostela, cóllese a N-547 dirección Arzúa e nesta un enlace coa N-634 dirección Curtis que atravesa ámbalas dúas parroquias. Á dereita desta estrada N-634 cóllese un desvío que leva ata a Área Recreativa de Pontedapedra onde comeza este sendeiro.

Dende o punto de inicio, na área recreativa, o sendeiro pasa polos lugares de Lardeiros de Medín, Portouteiro, Os Currás, Pastor, O Petón, A Barcia, Tambre, Lardeiros, Vimieiro, Domés e Ponte do Seixo para chegar de novo ó punto de inicio na área recreativa de Pontedapedra.

Trátase dun sendeiro circular duns dezaoto quilómetros de lonxitude que debido ás características do terreo polo que pasa, contando en varios puntos con pequenas pendentes e debido á súa gran lonxitude pode considerarse de dificultade media-baixa.



O punto de partida deste sendeiro sitúase na área recreativa de Pontedapedra (42°58'22, 8°17'21), e no seguinte plano pode observarse o trazado deste sendeiro circular:

Este sendeiro permite a súa realización por medio de varias posibilidades, tanto a pé, como a cabalo ou en bicicleta.

O tempo aproximado de duración do percorrido precisa alomenos dunhas cinco horas a pé, debido á súa gran lonxitude, existindo a posibilidade de realizarse en dous tramos dentro da mesma xornada, en función do tipo de sendeirista que o practique.

PUNTOS DE INTERESE NATURAL

- Río Noa
- Área recreativa de Pontedapedra
- Carballeira de Vimieiro



PUNTOS DE INTERESE PATRIMONIAL

• Pazo de Portouteiro

Pazo de construción sinxela que presenta un único escudo na fachada. A antigüidade do escudo data do século

Orientación no itinerario

Camiños e cruzamentos ben definidos.

Existe traza clara de camiño e sinalizacións.

Esixe a identificación de accidentes xeográficos e puntos cardinais.

Non existe traza sobre o terreo nin seguridade de contar con puntos de referencia.

O itinerario está interrompido por obstáculos que hai que bordear.

Dificultade no desprazamento

Marcha por superficie lisa.

Camiños con diversos firmes.

Marcha por sendas escalonadas ou terreos irregulares.

É preciso o uso das mans ou saltos sobre o terreo.

Require o uso das mans para a progresión.

Cantidade de esforzo necesario

Ata 1 hora de marcha

De 1-3 horas de marcha

De 3-6 horas de marcha

De 6-10 horas de marcha

Máis de 10 horas de marcha



XVIII e nel pódense observar o brazo armado de Vilardefrancos, a árbore e as estacas dos Leis, o lobo dos Moscoso e a torre de Pardiñas ou Riobó.

- **Igrexa parroquial de Pastor.**

Igrexa do século XIX, de planta rectangular e unha nave.

- **Igrexa parroquial de Lardeiros (A Catedral da Montaña).**

Igrexa parroquial de estilo barroco dos século XVII. Planta de cruz latina, dunha nave con capelas adousadas ás costas.

- **Balneario de Fonte Santa.**

O Balneario de Lardeiros conta con augas que teñen efectos terapéuticos moi recomendables para reumatismos, enfermidades da pel, etc. Conta con augas sulfurado-sódicas, carbonadas, magnésicas e de moi baixa mineralización.



- **Maquía (Muíño) do río Noa.**


En Galicia chámase Maquía a un muíño profesional; un muíño que cobraba en diñeiro ou en especie pola moenda.

- **Muíño da área recreativa de Pontedapedra**

DESCRICIÓN DO PERCORRIDO


A Ruta da Montaña comeza na área recreativa de Pontedapedra, lugar onde se sitúa un fermoso muíño que aínda conta con parte das pezas. Dende a área recreativa cóllese por unha pista forestal que desemboca nunha pequena estrada de asfalto que leva ata o Pazo de Portouteiro. Este fermoso pazo é unha propiedade privada non visitable, sen embargo pode observarse no seu exterior esta magnífica construción.

Dende o Pazo de Portouteiro, continúaase de novo por unha pista forestal que discorre entre paraxes de gran beleza a través duns tres quilómetros e medio



para conducirmos ata o Castro de Pastor, un dos máis importantes de O Pino, e no cal se atopou un torque de ouro.

A ruta segue polos lugares de Currás e Liñares para logo atoparse coa pequena pero moi fermosa Igrexa parroquial



de Pastor, que conta con cemiterio anexo, onde conta cun cruceiro. Ó seu carón atópase unha pequena área de descanso, lugar de celebración das festas parroquias de Pastor.

Un quilómetro máis adiante chégase ata a N-634 que hai que cruzar no lugar coñecido como O Petón. Continúase camiñando moi preto do Río Tambre que neste lugar serve como límite municipal, e atrávesase o lugar de Tambre, que recibe este nome debido á súa proximidade con este río, para, despois de camiñar outro quilómetro e medio de percorrido chegar ata a Igrexa Parroquial de Lardeiros, coñecida como a Catedral da Montaña, debido ás súas características construtivas e ó seu tamaño.

Continuando a ruta uns dous quilómetros máis adiante chégase ata a fermosa Carballeira de Vimiero, moi concorrida polos veciños, xa que nese lugar se celebran as festas parroquiais de

Lardeiros, e anualmente se festexa e se fai unha representación da malla e da sega.

Uns 500 metros mais adiante atópase o lugar de Domés, un pequeno núcleo de poboación que é preciso atravesar para chegar ó Balneario de Fonte Santa, situado a uns escasos 600 metros do lugar. Este balneario é coñecido polas propiedades curativas das súas augas.

Dende Fonte Santa cóllese unha senda a carón do Río Noa duns 900 metros que leva de novo á N-634, que hai que cruzar de novo para continuar a ruta.

Séguese pola senda a carón do Río Noa e moi preto da N-634 atópase a Maquía do Noa, no lugar da Ponte do Seixo. Esta maquía de grandes dimensións, actualmente está en estado de abandono.

Continúase o sendeiro a carón do Noa, que vai debuxando formas serpenteantes en todo o seu percorrido,

que tras camiñar un quilómetro e douscentos metros, lévanos de novo ó punto de inicio, a área recreativa de Pontedapedra, onde remata o percorrido

Para máis información, como mapas de la ruta, descarga de trazados para el gps, waypoints, etc., visite:

www.patrimoniodeopino.es